

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO : CEIP XOAQUIN LORIGA

CURSO : 1º DE PRIMARIA

DATA : 10 DE MAIO DE 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1 .Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.

LINGUA GALEGA E LITERATURA

PRIMERO de E.P.

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL: FALAR E ESCOITAR

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Comprender a información visual e sonora recollida en exposicións, poemas , contos e cantigas, noticias e descrições orais sinxelas .	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprende a información xeral e específica dos diferentes tipos de texto traballados. ▪ Segue unha exposición ou explicación na clase.
Producir textos orais sinxelos de forma clara e coherente .	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participa nunha conversa. ▪ Comprende o que di o interlocutor e contesta se é preciso. ▪ Expón acontecementos do entorno de forma clara e coherente.
Participar e cooperar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula .	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utiliza a lingua galega en calquera situación de comunicación. ▪ Atende a quen fala nun intercambio comunicativo oral. ▪ Participa na conversa mantendo o tema da mensaxe oral , formulando e contestando preguntas se é preciso.
Usar fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas nos intercambios comunicativos máis habituais.	Usa fórmulas sinxelas de tratamento adecuadas para saudar, despedirse, presentarse, felicitar, agradecer, escusarse e solicitar axuda.
Amosar respecto e colaboración na realización de actividades en pequeno grupo.	Respecta e colabora cos demais nas situacións de aprendizaxe cooperativa.
Recoñecer de usos de linguaxe discriminatoria coas diferenzas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica o uso da linguaxe discriminatoria e sexista. ▪ Usa unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.
Identificar a lingua galega con diversos contextos de uso oral	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica a lingua galega oral con diversos contextos profesionais. ▪ Recoñece a posibilidade de sos da lingua galega con conversas con persoas coñecidas e descoñecidas

▪ BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA: LER

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Comprender a información explícita en textos sinxelos .	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Le e comprende a información relevante de textos. ▪ Comprende informacións concreta exposta en mensaxes curtas. ▪ Localiza información en textos breves para vinculala coas súas experiencias.
Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de ilustracións.	Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de ilustracións.
Ler, de forma guiada textos sinxelos adecuados aos seus coñecementos.	Descodifica e pronuncia de forma axeitadas as palabras de textos moi sinxelos.
Usar as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básicas de funcionamento.	Utiliza as bibliotecas de aula e de centro, respectando as normas básica do seu funcionamento.

Amosar certa autonomía lectora.	Selecciona e le textos do seu interese con certa autonomía.
Ter interese por ter unha biblioteca persoal.	Amosa interese pola conservación e organización dos seus libros.
Amosar interese polos textos escritos como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.	Amosa interese pola lectura como fonte de aprendizaxe e medio de comunicación.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA: ESCRIBIR

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Producir e reescribir diferentes tipos de textos moi sinxelos seguindo un guión.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Produce e reescribe narracións, textos publicitarios e pequenos cómics de acordo a unha secuencia. ▪ Escribe segundo as normas xerais de escritura.
Utilizar de xeito guiado de estratexias para a elaboración de textos.	Utiliza de xeito guiado de estratexias para a elaboración de diferentes textos.
Elaborar textos informativos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e a non verbal.	Elabora textos informativos sinxelos que combinen a linguaxe verbal e non verbal.
Usar de xeito guiado programas informáticos de procesamento de texto.	Usa de xeito guiado programas informáticos de procesamento de texto.
Interesarse pola presentación dos traballos escritos.	Interésase pola presentación das actividades escritas.

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical moi básica.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece e aplica as normas de formación do xénero e o número de nomes. Compón e emprega familias de palabras ▪ Recoñece e emprega adxectivos.
Coñecer, de forma xeral, as normas ortográficas máis sinxelas.	Coñece, de forma xeral, as normas ortográficas tratadas.
Segmentar correctamente frases e textos nas palabras e frases que o compoñen.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Separa as palabras que conforman un enunciado sinxelo. ▪ Identifica as frases que compoñen un texto.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

Ler e reescribir de xeito moi sinxelo diversos textos literarios, usando modelos.	Le e reescribe de xeito moi sinxelo diversos textos literarios.
Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís.	Le textos con fluidez.
Apreciar o texto literario galego.	Valora textos breves e sinxelos da literatura galega.

BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. FALAR E ESCOITAR

Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente.
Ampliar o vocabulario a partir das experiencias de aula.	Utiliza o vocabulario tratado e establece relacións semánticas sinxelas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Comprender o sentido global dun texto oral. ▪ Identificar información relevantes. 	Comprende o sentido global de textos orais de uso habitual, do ámbito escolar e social.
Reproducir textos orais próximos aos seus gustos e intereses.	Canta cancións, conta e recita pequenos contos e poemas breves.
Dramatizar, de xeito colaborativo, textos infantís.	Adecúa a entoación e o volume á representación dramática.
Usar unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.	Usa unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas.

BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER

Ler en voz alta e de forma silenciosa e comprender textos infantís.	Lee con pronunciación e entoación axeitada, de forma silenciosa e comprende o significado textos de variada tipoloxía
Mostrar interese e gusto pola lectura para informarse e entreterse.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Emprega a lectura como fonte de lecer e para buscar información. ▪ Explica, de xeito sinxelo, as súas preferencias lectoras.
Progresar na adquisición dun hábito lector .	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Acode con frecuencia a biblioteca de aula e de centro e fai uso do servizo de empréstimo. ▪ Identifica, con axuda, os textos da biblioteca para o seu lecer e para ampliar información.
Mostrar interese por ter unha biblioteca propia.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Coida, conserva e organiza os seus libros.

BLOQUE 3. COMUNICACIÓN ESCRITA. ESCRIBIR

Planificar e producir, con axuda, diferentes tipos de textos atendendo ao seu formato e intencionalidade comunicativa e coida a presentación	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos moi sinxelos propios: listas, notas, normas, felicitacións, instrucións, escenas e contos. ▪ Identifica e escribe diferentes tipos de texto: listas, receitas, narracións, poesía, noticias e cómics. ▪ Presenta os seus escritos con limpeza, evitando riscos.
--	--

BLOQUE 4. COÑECEMENTO DA LINGUA

Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Establece comparacións entre distintos elementos. ▪ Diferenza sinónimos e antónimos básicos en parellas de palabras significativas. ▪ Distingue nome e adxectivo en palabras significativas. ▪ Distingue xénero e número en palabras habituais. ▪ Forma grupos nominais respectando as normas de concordancia ▪ Utiliza os tempos verbais: presente, pasado e futuro en textos sinxelos.
---	---

Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas.	Escribe de forma correcta os signos de puntuación, exclamación e interrogación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos significativos sinxelos e seguindo modelos.
Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	<ul style="list-style-type: none"> Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.
Utilizar programas e aplicacións educativas dixitais para afianzar os contidos e avanzar na aprendizaxe.	<ul style="list-style-type: none"> Utiliza de xeito guiado, distintos programas e aplicacións educativos dixitais como ferramenta de aprendizaxe.
Comparar aspectos básicos das linguas que coñece para mellorar na súa aprendizaxe .	<ul style="list-style-type: none"> Compara aspectos (gráficos, sintácticos, léxicos) das linguas que coñece.

BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA

Coñecer e utilizar a lectura de diferentes tipos de texto como fonte de entretemento e de información.	<ul style="list-style-type: none"> Identifica sinxelos textos propios da literatura infantil. Dramatiza con xestos e palabras, escenas de contos. Interpreta, intuitivamente e con axuda, a linguaxe figurada en textos literarios (personificacións).
Valorar a literatura en calquera lingua.	Valora a literatura en calquera lingua como medio de comunicación e recurso de gozo persoal.

MATEMÁTICAS

PRIMERO de E.P.

BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS

Expresar verbalmente de forma sinxela e comprender o enunciado dun problema	Comunica verbalmente de forma sinxela e comprende o enunciado dun problema simple de matemáticas.
Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.
Iniciarse na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe .	Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.

BLOQUE 2. NÚMEROS

Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados	<ul style="list-style-type: none"> Le, escribe e ordena números ata o 99. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais. Descompón e compón números naturais ata o 99, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. Ordena números enteiros ata o 99 e represéntaos na recta numérica. Identifica o número maior, o menor e o igual a un dado. <p>Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.</p>
Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos.	<ul style="list-style-type: none"> Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma de dúas cifras na resolución de problemas contextualizados.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta de dúas cifras (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados. ▪ Emprega procedementos diversos de cálculo mental na realización de cálculos numéricos básicos.
Identificar e resolver problemas da vida cotiá e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Resolve problemas valorando o dominio dos contidos matemáticos. ▪ Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas.

BLOQUE 4. XEOMETRÍA

Interpretar representacións espaciais co trazado de diferentes tipos de liñas.	Coñece e realiza diferentes tipos de liñas para describir itinerarios..
Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.	Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.
Identificar, resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Resolve problemas xeométricos sinxelos que impliquen dominio dos contidos traballados. ▪ Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.
	▪

BLOQUE 5. ESTADÍSTICA E PROBABILIDADE

Recoller e rexistrar unha información que se poida cuantificar, utilizando algúns recursos sinxelos de representación gráfica.	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistra e interpreta datos sinxelos en representacións gráficas básicas. • Resolve sinxelos problemas nos que interveña a lectura de gráficos
--	---

CIENCIAS DA NATUREZA

PRIMERO de E.P.

BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA

Buscar, seleccionar información de forma guiada e comunicar os resultados en diferentes soportes.	Busca e selecciona información de forma guiada. e comunica o resultado de forma oral e escrita, de maneira limpa, clara e ordenada, en diferentes soportes.
Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.

BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA

Adoptar medidas de protección medioambientais e poñelas en práctica na escola.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Mostra interese en reducir, reutilizar e reciclar os materiais empregando os diferentes colectores.
Experimentar e manipular instrumentos e obxectos sinxelos de uso cotián identificando algunhas propiedades físicas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Identifica cor, dureza, cheiro, sabor e textura en materiais e obxectos de uso cotián

BLOQUE 5: A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS.

Empregar o ordenador identificando os compoñentes básicos e coidando o seu uso.	Emprega o ordenador de forma guiada e fai un bo uso.
---	--

CIENCIAS SOCIAIS

PRIMERO de E.P.

BLOQUE 1. CONTIDOS COMÚNS

Realizar traballos de investigación que partan do establecemento de conxecturas, da observación, experimentación e da toma de conciencia dos sentimentos e sensacións como medios básicos para obter información, selecciónala, organizala, extraer conclusións e comunicalas sen esquecer a introdución ao manexo das TIC para este fin e valorando o esforzo realizado.	Fai conxecturas, predicións e recolle información a través da observación e experimentación iniciándose no emprego das TIC . Manifesta autonomía na planificación e execución de accións e tarefas coidando a súa presentación, ten iniciativa na toma de decisións e asume responsabilidades.
Coñecer e iniciarse no emprego da terminoloxía propia da área.	Identifica a terminoloxía propia da área.
<ul style="list-style-type: none"> Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas. 	<ul style="list-style-type: none"> Participa en actividades individuais e de grupo valorando a cooperación e o diálogo na resolución de conflitos. Valora o esforzo e o coidado do material.

BLOQUE 2. O MUNDO QUE NOS RODEA

<ul style="list-style-type: none"> Recoñecer as características da auga. Identificar os lugares da natureza onde atopamos auga e os seus estados. Coñecer e valorar os diferentes usos. 	<ul style="list-style-type: none"> Describe as características principais da auga. Nomea lugares do entorno natural onde podemos atopar auga e os diferentes estados nos que se pode presentar. Coñece os usos da auga valorando un emprego responsable da mesma.
Recoñecer as características básicas do aire valorando a súa importancia.	Describe as características principais do aire e recoñece a importancia de conservalo sen axentes contaminantes.
<ul style="list-style-type: none"> Coñecer os fenómenos atmosféricos, a través das sensacións corporais, e describir os que xorden con máis frecuencia na súa contorna identificándoos nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital. <p>Realizar medicións sinxelas de datos con aparellos cotiás e facer pequenos rexistros do tempo atmosférico a nivel local. Comprobación co tempo dos xornais.</p>	<ul style="list-style-type: none"> Nomea os fenómenos atmosféricos máis habituais no seu espazo próximo e interpreta a simboloxía básica nun mapa do tempo da prensa en papel ou dixital. Realiza observacións, sinxelas recollidas de datos, rexistros e comprobación sobre o tempo atmosférico local.
<ul style="list-style-type: none"> Diferenciar entre os elementos naturais e os producidos pola man do home existentes na contorna próxima poñendo exemplos. Valorar a importancia que ten para a vida dos seres vivos o coidado dos elementos da paisaxe máis próxima. 	<ul style="list-style-type: none"> Diferenza entre elementos da paisaxe natural e a construída polo home. Identifica algunha medida para a conservación da natureza máis próxima

BLOQUE 4. AS PEGADAS DO TEMPO.

Ordenar temporalmente, a través dunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal .	Localiza e explica, nunha liña do tempo, a evolución e algúns feitos relevantes da súa vida persoal e empregando as unidades de medida do tempo máis básicas.
Ser consciente do paso do tempo empregando, como unidades de medida, os días, as semanas, os meses, o ano, as estacións e o calendario como instrumento para medir e representar o paso tempo.	Sabe o número de días que ten unha semana e os meses, nomea os meses do ano e diferenza as estacións segundo as súas características.

EDUCACION ARTÍSTICA (PLÁSTICA) PRIMERO DE E.P.

BLOQUE 1. EDUCACIÓN AUDIOVISUAL

<ul style="list-style-type: none">Amosar respecto pola área e polos diferentes tipos de expresión plástica.	<ul style="list-style-type: none">Valora e respecta os diferentes tipos de expresión plástica.
<ul style="list-style-type: none">Valorar a limpeza, os materiais e a orde na realización dunha tarefa plástica e o seu produto final.	<ul style="list-style-type: none">Valora a importancia da limpeza, do coidado do material e da orde para alcanzar o resultado final proposto.
<ul style="list-style-type: none">Descibir calidades e características dos materiais, dos obxectos e dos instrumentos presentes no contexto natural e artificial.	<ul style="list-style-type: none">Describe calidades e características de materiais, obxectos e instrumentos presentes no contexto natural e artificial.Identifica, nomea e debuxa as formas básicas.Identifica os tamaños.Identifica e usa as cores aprendidas.Nomea e recoñece as figuras xeométricas básicas e os elementos plásticos.Recoñece e nomea as principais partes da figura humana.Identifica figuras xeométricas básicas.Identifica os diferentes tipos de liña
<ul style="list-style-type: none">Usar léxico sinxelo e adecuado para comentar as obras plásticas propias e alleas.	<ul style="list-style-type: none">Describe o que sente ou pensa sobre as súas propias creacións plásticas e as dos compañeiros e as compañeras, usando o vocabulario axeitado.
<ul style="list-style-type: none">Identificar diferentes formas de representación do espazo.	<ul style="list-style-type: none">Observa diferentes formas de presentar o espazo.Explora as distancias, os percorridos e as situacións de obxectos e persoas en relación ao espazo

BLOQUE 2. EXPRESIÓN ARTÍSTICA

<ul style="list-style-type: none">Probar en producións propias as posibilidades que adoptan as formas, texturas e cores.	<ul style="list-style-type: none">Manexa e emprega as diferentes texturas naturais e artificiais.Emprega os diferentes tipos de liña e experimenta con elas para completar debuxos.Usa diferentes tipos de materiais e experimenta con eles para crear a posteriori obras plásticas.Sitúa elementos no espazo nas producións plásticas.
<ul style="list-style-type: none">Realizar composicións plásticas que representen o mundo imaxinario, afectivo e social.	<ul style="list-style-type: none">Produce e identifica obras sinxelas usando formas xeométricas básicas.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Elabora portadas, colaxes e outros obxectos empregando as ferramentas e as técnicas básicas (recortar, pegar, encher; usar pinceis, rotuladores, lapis de cores etc.). ▪ Elabora e representa imaxes despois dunha presentación audiovisual
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Respetar e coidar os materiais, os utensilios e os espazos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Respeita as normas preestablecidas e coida os materiais, os utensilios e os espazos.

MÚSICA

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Explorar, escoitar e describir calidades e características de materiais, obxectos, sons e instrumentos presentes no contexto natural. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.1. Manipula e explora as calidades sonoras do corpo, dos instrumentos, dos obxectos, dos animais e da voz.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.2. Representa graficamente ou corporalmente estas calidades: son curto, longo, ascendente e descendente, forte, piano, agudo e grave.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.3. Recoñece e discrimina os sons do seu contexto.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.4. Utiliza aplicacións informáticas e xogos para a discriminación auditiva destas calidades.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.1.5. Identifica voces masculinas e femininas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Manter unha actitude de respecto e de escoita activa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.2.1. Respeita os tempos de silencio para o bo estudo dos sons e a escoita das audicións.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Coñecer obras curtas de distintos estilos e de diferente autoría. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.1. Coñece algunhas persoas compositoras e relaciónas coas súas obras.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.3.2. Coñece as figuras do/da director/ora de orquestra, instrumentista e público.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.4.1. Representa mediante diferentes técnicas os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.4.2. Emprega vocabulario básico musical adaptado ao seu nivel.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Identificar e expresar a través de diferentes linguaxes algúns dos elementos dunha obra musical (timbre, velocidade, intensidade e carácter). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.5.1. Coñece, identifica e representa elementos básicos da linguaxe musical: pulsación, longo, curto, rápido, lento, forte, piano, son, silencio, agudo, grave, pentagrama (liñas e espazos), clave de sol, branca e negra.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.5.2. Utiliza notación non convencional para representar elementos do son.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB1.5.3. Utiliza aplicacións informáticas sinxelas para realizar actividades musicais.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.1. Coñecer e utilizar as posibilidades sonoras e musicais do corpo e doutros obxectos, manipulando materiais como fonte de son. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.1.1. Repite esquemas rítmicos escoitados. ▪ EMB2.1.2. Elabora pequenos instrumentos con materiais de reciclaxe.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.1. Interpreta individualmente ou en grupo un pequeno repertorio de cancións sinxelas.

	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.2.4. Le e interpreta con ritmo ladaíñas e cancións ao unísono.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.1. Acompaña cancións, danzas e textos con fórmulas rítmicas básicas.
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB2.3.2. Xoga a pregunta-resposta con motivos melódicos e rítmicos.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.1. Realizar pequenas coreografías. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.1.1. Realiza pequenas coreografías en grupo, adecuando o movemento corporal coa música. ▪ EMB3.1.2. Interactúa adecuadamente cos compañeiros e coas compañeiras, amosando interese e respectando as normas e as intervencións das demais persoas.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ EMB3.2.1. Responde co seu corpo a estímulos sonoros. ▪ EMB3.2.2. Coordinar extremidades superiores e inferiores nos desprazamentos coa música. ▪ EMB3.2.3. Identifica e utiliza o corpo como instrumento para a expresión de sentimentos e emocións.

VALORES SOCIAIS E CIVICOS PRIMERO DE E.P.

BLOQUE 3. A CONVIVENCIA E OS VALORES SOCIAIS

<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participar en actividades grupais e de equipo, tendo en conta as propias necesidades e amosando unha boa disposición para recibir e dar axuda. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Desenvolve actitudes de colaboración en situacións informais de interacción social. ▪ Pide axuda, cando a precisa, e presta axuda aos compañeiros e compañeiras. ▪ Mantén boas relacións cos compañeiros e compañeiras. ▪ Pon de manifesto unha actitude aberta cara aos demais compartindo puntos de vista e sentimentos durante a interacción social na aula.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñecer, explicar e buscar solucións sinxelas aos conflitos habituais no colexio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Soluciona os problemas persoais da vida escolar coa independencia adecuada a súa idade
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realizar un uso responsable dos materiais escolares. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Fai uso adecuado do material.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valorar as condutas cotiás en relación ás normas de convivencia do colexio . 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ . Coñece e enumera as normas de convivencia da aula. ▪ Pon en práctica procesos e razoamentos sinxelos para valorar se determinadas condutas son acordes ás normas de convivencia escolares.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade de homes e mulleres. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo. ▪ Colabora con persoas do outro sexo en diferentes situacións escolares.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Valorar as normas de seguridade viaria. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Recoñece e interpreta o significado dos sinais de tráfico de uso frecuente. ▪ Explica oralmente a importancia de respectar os sinais de tráfico.

LINGUA ESTRANXEIRA INGLÉS

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	
Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
BLOQUE 3. COMPRENSIÓN DE TEXTOS ESCRITOS	
<p>B3.1. Identificar o tema e comprender o sentido xeral e as ideas principais en textos moi breves, sinxelos e moi elementais, e nos que o tema tratado e o tipo de texto resulten moi familiares, e conteñan apoio visual moi redundante en soporte papel ou dixital.</p> <p>B3.2. Utilizar as estratexias básicas de hipótese para a comprensión do sentido xeral e a identificación da información esencial do texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.3. Discriminar patróns gráficos e recoñecer os significados e intencións comunicativas elementais relacionados coas convencións ortográficas máis básicas que expresan pausas e exclamacións. ▪ B3.4. Ler en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados oralmente, amosando unha 	<p>PLEB3.1. Comprende palabras e frases moi sinxelas escritas, relacionadas cos temas traballados.</p>
	<p>PLEB3.2. Comprende a idea principal dunha historia moi elemental acompañada de apoio visual e identifica os e as personaxes principais.</p>
	<p>PLEB3.3. Fai hipóteses sobre o tema dun texto elemental a partir do título do mesmo e das imaxes que o ilustran.</p>
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ PLEB3.4. Le en voz alta textos moi breves, moi elementais e previamente traballados de forma oral, con entoación e pronuncia comprensibles e, se cumprise, rectificando espontaneamente

<p>entoación e pronuncia adecuadas.</p>		
BLOQUE 4. PRODUCCIÓN DE TEXTOS ESCRITOS		
<p>B4.1. Escribir textos moi curtos e sinxelos, seguindo modelos, compostos de frases simples illadas, utilizando con razoable corrección as convencións ortográficas máis elementais e os principais signos de puntuación, para falar de si mesmo/a, da súa contorna máis inmediata e de aspectos da súa vida cotiá, en situacións familiares e predicibles.</p> <p>B4.2. Utilizar as estratexias básicas máis adecuadas para a produción de textos escritos moi sinxelos e elementais.</p> <p>B4.3. Aplicar patróns gráficos e convencións ortográficas básicas para escribir con razoable corrección palabras e frases curtas que utiliza normalmente ao falar, pero non necesariamente cunha ortografía totalmente normalizada.</p>	<p>PLEB4.1. Escribe palabras relacionadas coa súa imaxe e a súa vida cotiá.</p>	<p>PLEB4.2. Escribe pequenos diálogos ou narracións moi sinxelas e breves seguindo un modelo dado e respectando a estrutura gramatical máis sinxela.</p>
	<p>PLEB4.3. Escribe frases moi sinxelas, lexibles, organizadas con coherencia na súa secuencia e con léxico relacionado co tema da escritura.</p>	<p>PLEB4.4. Revisa o texto antes de facer a súa versión definitiva, elaborando borradores nos que se observa a reparación da ortografía e doutros aspectos relacionados coa secuencia adecuada das frases e mesmo a pertinencia das ilustracións, se é o caso.</p>
	BLOQUE 5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCIENCIA INTERCULTURAL	
<p>B5.1. o seu uso comunicativo.</p> <p>B5.2. Iniciar e rematar as interaccións adecuadamente.</p> <p>B5.3. Obter e dar información básica persoal, sobre a súa contorna máis inmediata e na situación de comunicación propia da aula.</p>	<p>PLEB5.1. Identifica aspectos básicos da vida cotiá dos países onde se fala a lingua estranxeira (horarios, comidas, festas ...) e compáraos cos propios, amosando unha actitude de apertura cara ao diferente.</p>	<p>PLEB5.2. Recoñece e utiliza fórmulas básicas de relación social.</p>
	<p>PLEB5.3. Participa voluntariamente nas actividades de aula e amosa curiosidade pola lingua e por coñecer aspectos socioculturais dos países onde se fala.</p>	<p>PLEB5.4. Diferenza saúdos de despedidas e o uso fórmulas de cortesía (Please, thank you, excuse me).</p>

<p>B5.4. Expresar nocións moi básicas e elementais relativas a tamaño, cantidade, posesión, número calidades físicas, forma e cor.</p> <p>B5.5. Expresar e identificar estados de ánimo básicos</p> <p>B5.6. Comprender e expresar o permiso, o acordo.</p> <p>B5.7. Utilizar adecuadamente as estruturas morfosintácticas máis básicas e frecuentes para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel.</p> <p>B5.8. Recoñecer estruturas sintácticas básicas e os seus significados asociados.</p> <p>B5.9. Utilizar estruturas sintácticas básicas (p. ex. enlazar palabras ou grupos de palabras con conectores elementais como e, ou).</p> <p>B5.10. Mostrar un control limitado dun conxunto de estruturas gramaticais sinxelas e de modelos de oracións e frases dentro dun repertorio memorizado.</p> <p>B5.11. Comprender e utilizar o léxico propio do nivel en contextos comunicativos sinxelos.</p> <p>B5.12. Recoñecer e utilizar un repertorio limitado e moi elemental de léxico de alta frecuencia relativo a situacións cotiás e temas habituais, moi familiares e concretos</p>	<p>PLEB5.5. Pregunta e responde de xeito comprensible sobre aspectos persoais moi básicos nome, idade e gustos) e da súa contorna (obxectos, espazos e seres vivos).</p>
	<p>PLEB5.6. Expresa e identifica estados de ánimo básicos (happy, sad...)</p>
	<p>PLEB5.7. Expresa e identifica o permiso e a prohibición (you cant/can't) o acordo (That's right).</p>
	<p>PLEB5.8. Estrutura adecuadamente os elementos das oracións, mantén a concordancia de número e usa correctamente os nexos básicos.</p>
	<p>PLEB5.9. Diferenza preguntas e respostas moi simples.</p>
	<p>PLEB5.10. Memoriza rutinas lingüísticas básicas e moi sinxelas para, por exemplo, desenvolverse nas interaccións de aula.</p>
	<p>PLEB5.11. Participa activamente en xogos de letras, elaboración de glosarios ilustrados etc.</p>
	<p>PLEB5.12. Comprende e usa adecuadamente o vocabulario básico necesario para participar nas interaccións de aula, ler textos infantís moi sinxelos e escribir con léxico traballado previamente.</p>

relacionados coas súas experiencias, necesidades e intereses.	
---	--

RELIXIÓN CATÓLICA 1º E.P

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Valorar a Creación, a bondade e a paternidade de Deus. ➤ Apreciar o amor de Deus ao home e á súa Creación. ➤ Descubrir que Deus é Pai e cóidanos. ➤ Comprender que Deus Pai enviou ao seu Fillo Xesús para que nos amose o camiño para chegar a El. ➤ Recoñecer a mensaxe e a ensinanza dalgunhas parábolas de Xesús. ➤ Recoñecer que a Igrexa é a familia dos fillos de Deus. ➤ Comprender e respectar o domingo, Día do Señor. ➤ Saber que a Virxe María é Nai de Deus e Nai nosa, e valoralo. 	<ul style="list-style-type: none"> ➤ Describe a natureza como a festa da Creación de Deus. ➤ Manifesta agradecemento a Deus Pai pola natureza mediante debuxos, oracións, xestos na clase... ➤ Manifesta agradecemento a Deus Pai pola natureza mediante debuxos, oracións, xestos na clase... ➤ Describe con algúns trazos que é unha familia e que é unha comunidade cristiá. ➤ Memoriza a oración do <i>Nosopai</i>. ➤ Repite oracións sinxelas para expresar amor a Deus Pai. ➤ Sabe que a Virxe María é Nai de Deus e Nai nosa.

ÁREA DE EDUCACIÓN FÍSICA

ESTÁNDARES, CRITERIOS E COMPETENCIAS ESENCIAIS:

<i>Criterios de avaliación</i>	<i>Estándares de aprendizaxe</i>
<ul style="list-style-type: none"> • B2.1. Aceptar e respectar a propia realidade corporal e a dos e das demais. 	<ul style="list-style-type: none"> • EFB2.1.1. Respecta a diversidade de realidades corporais e de niveis de competencia motriz entre os nenos e nenas da clase.

<ul style="list-style-type: none"> B2.2. Coñecer a estrutura e funcionamento do corpo para realizar movementos axeitados ás situacións motrices que se lle presentan 	<ul style="list-style-type: none"> EFB2.2.1. Coñece e identifica as partes do corpo propias e do compañeiro. EFB2.2.2. Domina o equilibrio estático, sen axuda, variando o centro de gravidade en base de sustentación estable. EFB2.2.4. Reacciona corporalmente ante estímulos sinxelos visuais, auditivos e táctiles, dando respostas motrices que se adaptan ás características deses estímulos diminuindo os tempos de resposta.
<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Coñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB5.2.1. Identifica e sinala os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.
<ul style="list-style-type: none"> B4.1. Utilizar os recursos expresivos do corpo e o movemento, comunicando sensacións e emocións. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB4.1.1. Representa personaxes e situacións, mediante o corpo e o movemento con desinhibición e espontaneidade. EFB4.1.2. Reproduce corporalmente una estrutura rítmica sinxela
	<ul style="list-style-type: none"> EFB5.1.1. Cumpre as normas básicas do coidado do corpo en relación coa hixiene, con autonomía.
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. 4.Resolver situacións motrices con diversidade de estímulos e condicionantes espazo-temporais. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB3.1.1. Desprázase de distintas formas, variando os puntos de apoio con coordinación e boa orientación espacial. EFB3.1.3. Realiza as habilidades que impliquen manexo de obxectos con coordinación dos segmentos corporais, iniciando os xestos axeitados.
<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Demostrar un comportamento persoal e social responsable, 	<ul style="list-style-type: none"> EFB1 3.1. Participa activamente nas actividades propostas.
<ul style="list-style-type: none"> B5.2. Recoñecer a importancia das medidas de seguridade na práctica da actividade física. 	<ul style="list-style-type: none"> EFB5.2.1. Identifica os riscos individuais e colectivos daquelas actividades físicas que vai coñecendo e practicando.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación

Procedementos:

-**Observación diaria sistemática:** Permiten tomar nota dos avances e dificultades, e actuar en consecuencia. Nos dous primeiros trimestres foi de forma presencial, **no terceiro basearase nas titorizacións telefónicas, remisión de tarefas, dúbidas, propostas**, ...por parte do alumnado a través dos medios informáticos establecidos.

-**Análise de producións do alumnado:** Este procedemento permitirá comprobar o traballo do alumno nos distintos planos, por exemplo o diario a través do caderno de clase ou das actividades específicas de cada unidade didáctica. **No terceiro trimestre analizaranse as producións remitidas e os contactos mantidos** que servirán de guía para a elaboración do **informe individual**.

-**Intercambios orais co alumnado**, no terceiro trimestre manteranse estes intercambios nas titorizacións telefónicas.

Instrumentos:

Realización de probas orais e escritas ao finalizar cada unidade e durante os trimestres 1º e 2º.

- Rúbricas de avaliación

	<ul style="list-style-type: none"> - Valoración do caderno do alumno/a nos trimestres 1º e 2º - Rexistro e valoración de actividades da clase nos trimestres 1º e 2º - Rexistro e valoración da entrega de tarefas propostas nos trimestres 1º, 2º e 3º - Rexistro de participación na aula nos trimestres 1º e 2º - Seguimento do blog de aula e titorías telefónicas no 3º trimestre
Cualificación final	<p>Calcularase a cualificación media dos trimestres 1º e 2º e sumarase de forma positiva, beneficiando en todo caso ao alumnado o traballo realizado no 3º trimestre.</p> <p>O alumnado poderá ter unha cualificación final positiva nas áreas non superadas nos primeiros trimestres mediante o traballo proposto de reforzo e recuperación do terceiro trimestre, e que sirva para acreditar a consecución dos estándares de aprendizaxe esenciais.</p>
Proba extraordinaria de setembro	NON PROCEDE
Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Dentro da avaliación continua, establecemos os mesmos criterios de avaliación que para as materias do curso actual.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Quedarán superadas as materias pendentes de cursos pasados ao superar a mesma materia no curso actual.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Os mesmos que na avaliación ordinaria.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<ul style="list-style-type: none">- FANSE PROPOSTAS DE ACTIVIDADES, SEGUINDO AS PAUTAS DO QUE SE TRABALLABA DE XEITO PRESENCIAL. E TENDO EN CONTA O CARÁCTER GLOBALIZADO E INTERDISCIPLINAR OPORTUNO.- PROPÓÑENSE ACTIVIDADES DE REPASO DOS DOUS PRIMEIROS TRIMESTRES, FOMENTANDO HÁBITOS DE TRABALLO, TENTANDO MANTER O RITMO E MELLORA DA AUTONOMÍA. <p>*ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</p> <p>ADEMAIS DO MENCIONADO DE XEITO XERAL:</p> <ul style="list-style-type: none">- CREOUSE UNHA PESTANA DEDICADA EXCLUSIVAMENTE Á ATENCIÓN Á DIVERSIDADE NO BLOG DE CADA CURSO. NELA FIGURAN AS PROPOSTAS DIDÁCTICAS PARA O ALUMNADO QUE NECESITA MAIOR ATENCIÓN.- FANSE PROPOSTAS DIDÁCTICAS DE CONTINUIDADE NO BLOG, NOS ÁMBITOS DE AUDIÇÃO E LINGUAXE E PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA, DENTRO DO MARCO DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<ul style="list-style-type: none">- CONTÁCTASE COAS FAMILIAS PARA FACER SEGUIMENTO POLOS MEDIOS ESTABLECIDOS, ABALARMÓBIL, WEB DO CENTRO, TELÉFONOS DO CENTRO, CORREO ELECTRÓNICO, TELÉFONOS PARTICULARES DOS/AS TITORES/AS.- DESDE O CENTRO PÓÑEMONOS EN CONTACTO COAS FAMILIAS PARA COMPROBAR O SISTEMA DE SEGUIMENTO QUE USAN, OFRÉCESE AXUDA PARA ACCEDER Á INFORMACIÓN PUBLICADA, INSTALACIÓN DE APLICACIÓNS NECESARIAS, FORMAS DE CONTACTO COS MESTRES.- DESDE O INICIO PROPONSE O USO DO BLOG DO CENTRO COMO MEDIO DE CONSULTA E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES TANTO GLOBAIS COMO DE AULA.- CADA AULA TERÁ O SEU PROPIO APARTADO E NEL DE XEITO RUTINARIO OS MESTRES E MESTRAS IRAN POÑENDO AS INDICACIÓNS, PROPOSTAS E ACTIVIDADES QUE SE REALIZARÁN DESDE A CASA.- CADA ESPECIALIDADE TAMÉN TEN O SEU ESPAZO PROPIO NO BLOG NO QUE OFERTA ACTIVIDADES AO ALUMNADO.- PROPÓÑENSE AS ACTIVIDADES E FACILITANSE MEDIOS DE RECEPCIÓN DE IMAXES E DOCUMENTOS PARA A SÚA CORRECCIÓN.- PARA O ALUMNADO SEN CONEXIÓN OFERTOUSE A POSIBILIDADE DE ENTREGAR MATERIAL IMPRESO.

Materiais e recursos

- COMUNICACION ESCRITA ENVIADA POLO ALUMNADO O 12/03/20. DAS POSIBLES FERRAMENTAS DE COMUNICACIÓN.

 - PÁXINA WEB DO CENTRO PARA INFORMACIÓN XERAL IMPORTANTE.
 - CORREO DO CENTRO PARA DÚBIDAS, ENVÍO DE DOCUMENTOS, ...
 - TELÉFONO DO CENTRO.
 - BLOG DO CENTRO PARA PROPOSTAS DE ACTIVIDADES.
 - MÓBIL DO CENTRO.
 - CORREOS ELECTRÓNICOS PUNTUAIS DE AULA.
 - <https://meet.jit.si/CEIPXoaqu%C3%ADnLoriga1%C2%BA> (PARA TRABALLAR A PARTE ORAL)
 - REPARTO DE MATERIAIS DIDÁCTICOS A DOMICILIO EN SERVIZO DE TAXI.
 - COMUNICACIÓN CONSTANTE CO CONCELLO PARA TENTAR DAR SOLUCIÓN A POSIBLES FALTAS DE CONEXIÓN OU DISPOSITIVOS.
- *ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**
- ADEMAIS DO MENCIONADO DE XEITO XERAL:**
- ENVIOUSELLE Á CASA MATERIAL DIDÁCTICO DO SEU USO COTIÁ NO CENTRO, TRABALLO DE REFORZO, RECUPERACIÓN, CONTIDOS ADAPTADOS,...

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias	- INFORMARASE ÁS FAMILIAS POLOS MEDIOS ESTABLECIDOS E USADOS ATA O MOMENTO: <ul style="list-style-type: none">• ABALARMÓBIL• TELÉFONOS DO CENTRO• TITORIZACIÓN TELEFÓNICA DO ALUMNADO.
Publicidade	PUBLICACIÓN NA WEB DO CENTRO.